

Os Kíts Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



Nivel Medio 👉👉



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

KS-Cosendo co teu pai 4-Conecta

Actividade elaborada coa colaboración de



Achega

- Feltro de cores.
- Tesoira.
- Agulla, dedal, broches metálicos e broche plano.
- Pila botón 3V 2032.
- *LEDs*
- Fío téxtil e condutivo.
- Cartón fino.
- Modelos descargables.

Observa

Pixel pitch é a distancia entre os centros dos píxeles adxacentes nunha pantalla. Noutras palabras, é a distancia entre os puntos individuais que compoñen a imaxe nunha pantalla. Un *pixel pitch* máis pequeno indica que os píxeles están máis preto uns dos outros, o que xeralmente resulta nunha maior densidade de píxeles e nunha imaxe máis nítida e detallada. Doutra banda, un *pixel pitch* máis grande indica que os píxeles están máis separados, o que pode resultar nunha menor resolución e unha imaxe menos nítida.

Indaga

- **Jenny Holzer** é unha creadora americana especializada na utilización dos paneis luminosos programables. Estes paneis están compostos por luces *LED* e empréganse para proxectar frases impactantes en lugares visibles para a poboación xeral como edificios, museos ou espazos públicos.
- Desta forma, Holzer consegue expresar as súas mensaxes dunha maneira moi visual para concienciar a sociedade actual sobre os seus propios problemas.
- Coñecendo xa un *LED*, como pensas que podemos conectar 2 *LEDs* a un mesmo circuíto? En serie, en paralelo, cal sería a mellor opción?

Nivel Medio 🖐🖐

Lembra que os *LEDs* traballan con voltaxes baixas e, no caso de empregar outro tipo de pilas ou batería, deberíamos conectar tamén unha resistencia que limite o paso da corrente e non queime o *LED*.

Prototipa

- Pasamos a un modelo máis complexo prestando atención aos Polos. Como crearemos este circuíto, en serie ou en paralelo? Probamos?
- Seguro que sae algo moi orixinal, unha insignia que representa, máis que ningunha, estas actividades grazas aos Polos creativos.
- Corta as pezas para este terceiro broche e sigue as indicacións do documento paso a paso.
- Conseguiques que acendan os dous *LEDs*? Moitos parabéns!
- Podes facer outras adaptacións desta proposta deseñando un novo broche e empregando o mesmo portapilas.



Sigue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

